



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA “CAMPAÑA DE SAN VALENTÍN 2026. NAMORATE EN LAXE”.

Expte. Admvo: 2026/X998/000019.

1.- OBXECTO DA INICIATIVA:

O obxecto destas bases e convocatoria é a regulación das axudas que o Concello de Laxe outorga para promover a activación económica e propiciar o fortalecemento do sector hostaleiro municipal co obxecto de estimular a demanda a través do consumo en empresas locais.

Esta iniciativa tamén persegue motivar a aos establecementos de hostalería locais para que se unan entre eles e creen sinerxías de dinamización da hostalería de proximidade.

2.- OBXECTIVOS:

A hostalería tradicional, están sometido a un profundo proceso de cambio que esixe un esforzo de renovación e adaptación continuo ante o cal o Concello de Laxe pretende axudar, animando o consumo e a unión dos negocios de hostalería neste San Valentín 2026.

O obxectivo principal e primordial desta Campaña é o fortalecemento do sector hostaleiro municipal a través da “Campaña de San Valentín 2026. Namórate en Laxe”.

3. ORZAMENTO:

A dinámica desta Campaña baséase no sorteo de 7 vales dunha noite con aloxamento e almorzo incluído para dúas persoas, para os cales se reservará o crédito de 701,00€ (IVE incluído) na partida orzamentaria 2026.432.480.00 no orzamento do Concello de Laxe do ano 2025, prorrogado para o ano 2026.

Por cada comida ou cea realizada nos establecementos hostaleiros adheridos a esta campaña, entregárase ao cliente unha participación que deberá ser cuberta cos seus datos, e depositado na urna existente no mesmo establecemento.

As axudas faranse efectivas a través do sorteo de 7 vales dunha noite con aloxamento e almorzo incluído para dúas persoas, que cada gañador deberá gastar no establecementos hostaleiro indicado no punto 11, conforme a orde establecida no sorteo.

4.- PRINCIPIOS APLICABLES:

A xestión dos fondos públicos asignados levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

5.- PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Serán beneficiarias desta Campaña as persoas físicas maiores de idade que se atopen ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Tamén serán beneficiarios os establecementos hostaleiros adheridos. Ambas partes son fundamentais para levar a cabo esta Campaña de dinamización e activación económica.

6.- ALTA E REQUISITOS DOS ESTABLECEMENTOS E NEGOCIOS PARA A ADHESIÓN Á CAMPAÑA:

1. Os establecementos e negocios que desexen adherirse á “Campaña de San Valentín 2026. Namórate en Laxe”, deberán facelo mediante a presentación do formulario cuberto (ANEXO I) creado para este fin. O formulario está dispoñible na páxina web www.concellodelaxe.com e nas oficinas xerais do Concello de Laxe.

2. O prazo para adherirse ao programa será desde o día seguinte á publicación destas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina www.concellodelaxe.com ata o 30 de xaneiro de 2026 (incluído).

3. Poderán adherirse os establecementos que cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan de negocio de hostalería aberto ao público permanente no Concello de Laxe.

b) Que estean ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social, e co Concello da Laxe. Será comprobada de oficio, sempre que o establecemento autorice a súa consulta, en caso contrario deberá presentar certificados de estar ao corrente das obrigas.

4. A adhesión á Campaña suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, os establecementos hostaleiros adheridos deberán asinar unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados e sen prexuízo das facultades do Concello de verificar os datos declarados (Anexo I).

5. O Concello de Laxe xestionará as solicitudes presentadas correctamente, dentro do prazo indicado. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán todas revisadas e derivadas a unha base de datos de solicitudes conformes (no caso de que estean completas e cos requisitos cumpridos) e anunciarase a listaxe definitiva de establecementos participantes.

7.- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS:

Cada un dos establecementos adheridos a esta Campaña terá exposta ao público unha caixa na que a clientela poderá depositar as participacións dos gastos que realicen no establecemento, por unha comida ou cea realizada desde o 31/01/2026 ao 15/02/2026.

As participacións identificarán no seu reverso os seguintes datos da persoa que efectuou o gasto:

— Nome e apelidos

— DNI

— Teléfono de contacto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

As participacións depositadas na urna acreditarán que o gasto se realizou durante o prazo de vixencia indicado nesta Campaña, sendo inválida calquera anotación ao respecto feita a man sobre o papel impreso.

8.- XESTIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E CONCESIÓN DE PREMIOS:

O Concello de Laxe xestionará as solicitudes dos establecementos presentadas correctamente, dentro do prazo indicado.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán todas revisadas e derivadas a unha base de datos de solicitudes conformes (no caso de que estean completas e cos requisitos cumpridos) e anunciarase a listaxe definitiva de establecementos hostaleiros participantes.

A Campaña estará operativa para o depósito das participacións entre os días 31 de xaneiro ata o 15 de febreiro de 2026, ámbolos dous incluídos.

9.- SORTEO DE PREMIOS:

O día 16 de febreiro de 2026 cada establecemento hostaleiro e comercio participante fará un sorteo dunha soa das papeletas depositadas na súa caixa de participacións, diante dun representante do Concello de Laxe. O representante do Concello de Laxe recollerá esa participación seleccionada que representará a cada establecemento adherido.

O día 17 de febreiro de 2026, ás 12:00 horas, farase un segundo sorteo público, de xeito manual, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Laxe, no que se escollerán as 7 participacións gañadoras de entre todas aquelas seleccionadas por cada establecemento adherido anteriormente.

En dito sorteo obterase o número de tódalas participacións gañadoras. Unha mesma persoa non poderá resultar gañadora de dous ou máis premios.

Os premios son persoais e intransferibles. A persoa premiada disporá dun prazo de 5 días hábiles dende a data de publicación de premios, para presentar debidamente cuberto o ANEXO II ante o Concello de Laxe. De non presentalo, ese premio quedará deserto.

Nas participacións nos que non queden acreditados os requisitos de participación indicados nestas bases, serán considerados nulos.

O resultado do sorteo será publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe, redes sociais e na páxina web www.concellodelaxe.com ao abeiro do establecido na Lei de Procedemento administrativo.

10.- RÉXIME DE PROTECCIÓN DOS DATOS ACHEGADOS:

1.- O tratamento polo Concello de Laxe dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nas presentes bases necesaria para o cumprimento do



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello da Laxe determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello de Laxe, con domicilio para os efectos de notificacións na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 — 15117 Laxe (A Coruña) teléfono de contacto 981706903 e correo electrónico: correo@laxe.es

Os datos subministrados coa participación nesta Campaña destínanse unicamente a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o dalgún dos premios e resto de actuacións derivadas desta Campaña. Publicaranse igualmente na sede electrónica municipal e na páxina web municipal.

A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade destes datos para á finalidade de Interese público perseguida coa presente convocatoria.

Os datos subministrados ao Concello de Laxe serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos, número de teléfono móbil e enderezo.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

a) Ao resto de solicitantes e o os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamación ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

b) A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

c) As persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional. Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello da Laxe de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Alcaldía do Concello o acceso aos seus datos, así como á súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Laxe. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Concello de Laxe neste procedemento.

En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A falla de subministración ao Concello da Laxe dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito para a selección dos/as beneficiarios, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

11.- PREMIOS:

As persoas que resulten beneficiarias dun premio, unha vez rematado o sorteo e publicada a listaxe do mesmo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, redes sociais e na páxina web www.concellodelaxe.com disporán dun prazo de 5 días hábiles e presentar dentro deste mesmo prazo o ANEXO II debidamente cuberto. A aceptación do premio implica a aceptación destas bases.

No caso de non presentar o ANEXO II ou facelo fora de prazo, o premio quedará definitivamente deserto.

O formato de presentación do premio será un documento impreso que acreditará o nome, apelidos e DNI da persoa gañadora do premio polo valor dun vale dunha noite con aloxamento e almorzo incluídos para dúas persoas no que se indicará o establecemento hostaleiro no que realizará este gasto.

A listaxe de establecementos hostaleiros (co prezo establecido) nos que se poderá gozar do premio por orde de extracción da participación gañadora:

Orde	Establecemento	Prezo (IVE incluído)
1	CABANAS NA AREA	140,00€
2	ISLOW COLIVING	110,00€
3	HOTEL** O NÁUTICO	99,00€
4	HOTEL*** MAR DE LAXE	92,00€
5	HOTEL RÚSTICO *** E APARTAMENTOS TURÍSTICOS A TORRE DE LAXE	90,00€
6	CASA DE ARRUEIRO	90,00€
7	HOTEL*** PLAYA DE LAXE	80,00€
TOTAL (IVE INCLUÍDO)		701,00€

No momento da transacción deberán quedar rexistrados o importe e concepto do gasto realizado, a identificación do premio e o importe descontado.

12.- CONDICIÓN DE USO DOS PREMIOS:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Cada persoa beneficiaria disporá dun vale dunha noite con aloxamento e almorzo incluído para dúas persoas para consumilo no establecemento hostaleiro no que sexa gañador, que lle será indicado desde o Concello, segundo a orde de extracción no sorteo da papeleta que lle da dereito ao premio.

O período de validez e polo tanto de goce do premio rematará o 30-06-2026.

Cada premio terá a consideración de bono para o goce dunha noite con aloxamento e almorzo incluído para dúas persoas nun establecemento hostaleiro do que resulte gañador, tendo en conta que a contía do premio enténdese co IVE engadido.

O/A hostaleiro/a non poderá aboar ao consumidor/a, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

Os beneficiarios dos premios só poderán empregalos para a finalidade establecida nestas bases que o goce dunha noite con aloxamento e almorzo nun establecemento hostaleiro do que resulten gañadores. Estes premios non son compatibles con outro tipo de bonos promovidos por outras administracións públicas para esta mesma finalidade.

Ao remate do período de troco dos premios, o establecemento hostaleiro adherido emitirá ao Concello de Laxe [P1504100G] unha soa factura, na que se especifique o importe total do premio co IVE incluído.

13.- XUSTIFICACIÓN E INSPECCIÓN:

O Concello da Laxe, como responsable da Campaña, reserva para si o dereito de realizar a posteriori cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución da “Campaña de San Valentín 2026. Namórate en Laxe”.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, o Concello poderá cancelar a súa adhesión ao Programa. Neste caso, comunicará a dita circunstancia co fin de impedir o troco e pagamento dos premios ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os establecementos adheridos a esta Campaña están obrigados a facilitar tanta información lles sexa requirida polo Concello no exercicio das súas funcións de control do destino dos premios.

14.- PLUBLICIDADE E COMPROMISOS DOS COMERCIOS PARTICIPANTES:

Tódolos establecementos participantes están obrigados a colaborar nas accións de comunicación, prensa e relacións públicas da Campaña, así como dar a maior difusión nas súas redes sociais da súa participación na mesma.

Os establecementos adheridos deberán ter exposto nun lugar visible dende o exterior o material publicitario da Campaña (cartel, lazos...), para facilitar a visibilidade de todos os locais participantes e dar unha imaxe corporativa (dito material será entregado polo Concello sen custe para os locais).

Os establecementos adheridos informarán e motivarán a súa clientela á participación na Campaña, a través do depósito da súa participación na caixa dispoñible dentro do propio comercio ao efecto.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Os establecementos adheridos comprométense a custodiar con dilixencia a caixa de participacións do seu negocio durante a vixencia desta Campaña.

Os establecementos adheridos comprométense a escoller unha soa participación depositada na súa urna diante dun representante municipal, que se encargará de depositala xunto coas restantes nunha urna na que se realizará o sorteo definitivo dos gañadores dos 7 vales.

Laxe, na data da sinatura electrónica

A concelleira Delegada de Turismo e Cultura

Raquel Lema Allo.-

DILIXENCIA.-

As bases da “CAMPAÑA DE SAN VALENTÍN 2026. NAMORATE EN LAXE” foron aprobadas por Decreto de Alcaldía número 78/2026 de 29/01/2026.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO I

FORMULARIO DE ADHESIÓN PARA ESTABLECEMENTOS E COMERCIOS

Nome e apelidos ou razón social	
NIF/CIF	
Enderezo fiscal e/ou social	
Enderezo do comercio	
Nome e apelidos do representante (se procede)	
DNI do representante (se procede)	
IAE da actividade	

EXPOÑO:

Que desexo participar como establecemento na “Campaña de San Valentín 2026. Namórate en Laxe” para promover a activación económica e propiciar o fortalecemento do sector comercial e hostaleiro local, así como para crear sinerxías entre os pequenos establecementos de Laxe.

DECLARO

- Que cumpro cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos, así como que dispoño de establecemento permanente no Concello de Laxe e que reúno as condicións legalmente establecidas para o exercicio da miña actividade.
- Que son persoa empresaria autónoma ou representante de pequena e mediana empresa de conformidade co previsto o anexo I do Regulamento (UE) n° 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño).
- Estar ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración tributaria (AEAT) coa Seguridade Social, e co Concello de Laxe Autorizo ao Concello da Laxe para que consulte os datos de estar ao corrente e a verificación dos datos declarados
- Que colaborarei en todas as accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento, así como a dar a maior difusión nas redes sociais do meu establecemento adherido; así como a ter exposto nun lugar visible dende exterior o material publicitario da campaña, para dar unha imaxe corporativa.
- Que custodiarei a caixa de participacións do meu establecemento dende o 1 de febreiro ata o día do sorte da participación representante do meu establecemento.
- Que autorizo ao Concello da Laxe para o tratamento dos datos achegados relativos ao comercio que represento nas bases da convocatoria.

Polo exposto, SOLICITO:

A adhesión como comercio participante á “Campaña de San Valentín 2026. Namórate en Laxe”.

En Laxe, a _____ De _____ de _____ de 202_.

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE LAXE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO II

FORMULARIO DE PARA AS PERSOAS PREMIADAS NA “CAMPAÑA DE SAN VALENTÍN 2026. NAMÓRATE EN LAXE”

Nome e apelidos	
NIF	
Domicilio	
Data de nacemento	
DNI	
Teléfono	
Correo electrónico	

- Declaro responsablemente que non estou incluído nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a.
- Declaro responsablemente que cumpro cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos e que me atopo ao corrente coas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Autorizo a publicación dos seguintes datos persoais (nome e apelidos) na web municipal e nas redes sociais do Concello de Laxe para facer público dos beneficiarios / gañadores dos permisos desta campaña, e garantir así a transparencia na entrega destes.

Autorizo ao Concello de Laxe para que consulte os meus datos persoais para garantir que cumpro o requisito de ser maior de idade, que me atopo ao corrente coas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como para o tratamento dos datos achegados nos termos que se establezan nas bases da convocatoria.

Polo exposto, SOLICITO:

Dispoñer do premio que me foi outorgado no sorteo público efectuado o día 17 de febreiro de 2026 na Casa do Concello de Laxe, polo importe do bono gañado establecido no establecemento hostaleiro de referencia nas condicións que indican as bases da convocatoria.

En Laxe, a _____ de _____ de 202__.

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE LAXE.-

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)